



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.. 981 782 006

Anuncio de corrección de erros nas bases da convocatoria de arquitecto/a

Corrección de erros nas bases da convocatoria de arquitecto/a

Expte. n.º 2021/E001/000003

Na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo de 2021 adoptouse o seguinte acordo:

“Logo de ver as bases que rexen a convocatoria para a selección polo Concello de Miño dun/dunha funcionario/a interino/a por vacante pertencente ao grupo A, subgrupo 1, escala de Administración Especial, subescala Técnica, denominación Arquitecto/a mediante o sistema de concurso-oposición libre, así como a creación dunha bolsa de traballo para a mesma categoría profesional.

Logo de ver que se detectaron erros no temario incluído como Anexo II (no apartado B) Temas específicos) da dita convocatoria.

Primeiro.- Modificar as bases da convocatoria dunha praza de arquitecto técnico superior aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 2 de marzo de 2021, e publicadas no BOP o 8 de marzo de 2021, no seguinte sentido:

Onde di:

“21. Tema 21. Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral de Galicia”

“26. Tema 26. Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.”

Debe dicir:

“21. Tema 21. Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia”

“26. Tema 26. Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.”

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP, no taboleiro de anuncios do concello, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica.

En Miño, na data da sinatura electrónica
O alcade

Manuel Vázquez Faraldo

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público